



CONCURSO «ANDERSEN HOXE»

Con ocasión do DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL, a OEPLI e as súas seccións - Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil (ClijCAT), Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX), e Galtzagorri Elkarte-, co patrocinio do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, convoca o concurso «Andersen hoxe».

PARA PARTICIPAR:

1. Poden participar todos os lectores e lectoras que estean a cursar Primaria ou primeiro ciclo de Secundaria, a través do seu centro docente ou dende a biblioteca.
2. Escoller, dun libro en galego xa lido polo/a participante, un personaxe dun dos contos de Andersen.
3. Facer un debuxo dese personaxe, tal como o imaxinaría Andersen si escribira o conto na actualidade. Valorarase a orixinalidade, así que non se deben copiar posibles ilustracións!
4. Xunto co debuxo deberá engadir un breve texto manuscrito (como si fora para Twitter) que non exceda os 140 caracteres, explicando o motivo polo cal a/o participante escolleu ese personaxe e as súas características. O formato dos traballos será de 17x12 cm (vai ficha modelo adxunta).
5. En todos os traballos deberán constar os datos de identificación dos seus respectivos/as autores/as: Nome e apelidos, idade, ano de nacemento e curso escolar, así como nome do/da profesor/a ou bibliotecario/a, o enderezo, e o teléfono do centro e un correo electrónico de contacto.
6. Deberán figurar tamén os datos do libro a partir do cal fixeron a escolla do personaxe por si non coincide co título do libro
7. Os centros docentes e bibliotecas deberán seleccionar un máximo de tres traballos por categoría, segundo o seu bo criterio, e entregalos directamente ou ben remitilos por correo postal ou por correo electrónico **antes do día 2 de abril** aos seguintes enderezos, en función da súa residencia e/ou ámbito lingüístico.

